



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "CAMPAMENTO DE VERÁN DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2017", APERTURA SOBRE Nº 1, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día 29 de maio de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonzo, secretaria do concello.

Diego Fernández López, técnico municipal.

Laureano Alonso Álvarez, concelleira delegada de Deportes.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

-Se presentan á licitación en tempo e forma as seguintes empresas:

R.E. nº 4264/2017-Servicios Integrales de Formación S.C., de Ames (A Coruña).

R.E. nº 4410/2017-Axouxere, S.L., de Noia (A Coruña).

R.E. nº 4420/2017-Koremi, Xestión Deportiva S.L.U., de Vigo (Pontevedra).

R.E. nº 4426/2017-Formagal, Formación y Servicios, S.L., de Pontevedra.

R.E. nº4510/2017-Acuáticas Minho, S.L., de Tui (Pontevedra).

R.E. nº4509/2017-Ludus Tempori S. Coop. Galega, de Lugo.

Procedida a apertura do sobre nº 1, correspondente á documentación administrativa e á vista da documentación presentada polos licitadores, advirtese pola Mesa de Contratación o seguinte:

*-Que a empresa **Ludus Tempori S. Coop. Galega**, non acredita suficientemente que a mercantil teña un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato.

*-Que a empresa **Formagal, Formación y Servicios S.L.**, no punto 6, apartado b) da declaración responsable que achega co sobre número 1, inclúe aspectos técnicos da súa proposición que se corresponden co contido que debe incluírse no sobre nº 3: "criterios nos que a súa ponderación dependa dun xuízo de valor".

Esta Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- En base ao disposto non artigo 146.4. parágrafo 2º, que dispón: "En todo caso o órgano de contratación, en orden a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior a adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato", requirir á empresa **Ludus Tempori S. Coop. Galega**, con enderezo en Rúa San Roque, nº 4 baixo, 27002-Lugo, para que acredite suficientemente, que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do contrato, mediante a aportación de: escritura ou documento de constitución, ou estatutos de constitución, acto fundacional, Concedéndolle ao efecto un prazo de tres días hábiles.

3º.-Excluir á empresa **Formagal, Formación y Servicios S.L.**, en base ao disposto nos artigos 139 e 160 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público; nos artigos 80 e 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como polo disposto no Informe 43/02, de 17 de decembro de 2002 da Xunta Consultiva de Contratación, por non presentar a documentación conforme as

indicacións contidas no correspondente prego e, especialmente por ser coñecidos con carácter previo, contidos do criterio de adjudicación: "proxecto de prestación do servizo", criterio cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, a incluír no sobre nº 3 e que deben permanecer en segredo ata a apertura das proposicións.

De seguido exténdese a presente acta, que, trala súa lectura se asina por tódolos asistentes, do que eu secretario, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O PRESIDENTE

Asdo.: Enrique Cabaleiro González



O SECRETARIO DA MESA

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez

VOGAIS:

O INTERVENTOR MUNICIPAL

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

A SECRETARIA MUNICIPAL

Asdo.: Pilar Fernández Alonso

OTÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: Diego López Fernández

O CONCELLEIRO DE DEPORTES

Asdo.: Laureano Alonso Álvarez